| Dependencia | | | Sello o Certificación Mecánica |
|---|---|---|---|
| CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE | | | |
| Documento<br>CMG13I1XW | Expediente | Fecha<br>26-11-19 10:11 | |

Número 14 .- Adxudicación do servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo Tropa Verde.

Destinatario

15078DCMG13I1XW$

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de novembro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 14 .- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TAREFAS DE COMUNICACIÓN DO PROXECTO EUROPEO TROPA VERDE.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, da proposta da alcaldía de data 18 de novembro de 2019. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2019/1113 de 21.11.19, e no que se fai constar ademais que existe un erro na aplicación orzamentaria que figura na proposta, sendo a correcta a que figura no dita informe.

A proposta da alcaldía é do seguinte teor literal:

"**Xosé A. Sánchez Bugallo,** Alcalde, en relación á licitación "*Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020)*", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en exercicio das miñas competencias,

**EXPOÑO:**

Primeiro: Con data 5 de novembro de 2019, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ATLANTIC PONTE 2000 SLU.

<u>Segundo</u>: Con data 14 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**<u>PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO</u>**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ATLANTIC PONTE 2000 SLU (CIF: B70232012), por un importe de **4.990 euros** (IVE aparte 21%: 1.047,90 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora responsable do contrato a Carme Casado Casado, economista de promoción económica.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **070 16220 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 3.776,60 euros.

Anualidade 2020: 2.261,30 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de ***"Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020)",*** a favor da empresa ATLANTIC PONTE 2000 SLU (CIF: B70232012), por un importe de **4.990 euros,** (IVE aparte 21%: 1.047,90 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora responsable do contrato a Carme Casado Casado, economista de promoción económica.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 16220 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 3.776,60 euros.

Anualidade 2020: 2.261,30 euros.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Gumersindo Guinarte Cabada**